

TRANSFONTÁNS · SARCES · LOURIDO · TRANSFONTÁNS

Transfontáns - Carrabete - Sarces - A Camposa - Monte de Serantes - Monte de Lourido - Lourido de Arriba - Subida ó Castelo de Lourido de 312 m - Lourido de Arriba - Transfontáns

Punto de partida:

Transfontáns (Serantes) a 47 m de altitude.

Lugar de chegada:

O mesmo (itinerario circular).

Distancia:

6,1 km. + 1,5 km. De subida ó Castelo de Lourido = 7,6 km.

Duración:

3 horas a pé.

Dificultade:

Media.

Cartografía:

Mapa 43-IV de Laxe, esc. 1/25.000 del I.G.N. (Instituto Geográfico Nacional).

Observacións:

Itinerario circular por algunha das aldeas da parroquia de Serantes, que nos amosa o encanto da vida rural da zona.

Regresamos á media ladeira do monte, entre o Alto das Penas e o Castelo de Lourido, con vistas á praia de Laxe.

Case ó final do percorrido, en Lourido de Arriba, existe a posibilidade de subir ó cumio do Castelo de Lourido, (o punto máis alto do Concello), onde a panorámica aínda é máis grandiosa. O tramo final da subida soe ter moita vexetación de toxos e resulta dificultoso si non se atopa a senda aberta.

OCEANO ATLÁNTICO





Saída entre as casas de Transfontáns con Serantes e os seus campos á dereita.

Descrición do itinerario:

Saíndo de Laxe dirección a Ponteceso, ó chegar á piscina municipal de Laxe, seguir a estrada pola dereita ata Transfontáns e aparcar no Centro Social, lugar de inicio da excursión a pé.

Comezar a camiñar en dirección a Carrabete, deixando á esquerda o cruce a Lourido de Arriba, por onde baixaremos ó remate do percorrido.

Seguimos a rúa asfaltada que cruza entre as casas de Transfontáns e que

baixa cara a dereita. Seguimos pola esquerda rumbo a Carrabete, coas leiras á dereita e o monte de Lourido á esquerda.

Cando o camiño asfaltado vira de súpeto cara a dereita, baixa en dirección ó km. 2 da AC-433 (km 0,9 / alt. 52 m), nós seguimos recto por un camiño de terra entre os pinares de A Costa en dirección a Sarces e As Pene-las.

Xusto cando pasamos debaixo dun tendido eléctrico (km 1 / alt. 50 mts) temos que deixar este camiño principal para seguir outro, que parte diagonalmente á esquerda, entre os eucaliptos e que leva a mesma dirección que os cables do tendido eléctrico.

Este camiño lévanos, rodeados de pinos, carballos e eucaliptos, direc-



Camiño polo bosque de A Costa.



Cruceiro en Penelas.

tos, sen facer caso dun cruce que deixamos á esquerda (km 1,3 / alt. 51 m) ata un segundo cruce, que collemos entre os eucaliptos (km 1,4 / alt. 71 m). Pasa preto dunha torre. Máis adiante vai a carón dunha vella instalación da “via-

ria”, que transportaba antigamente o caolín dende Coéns a Laxe.

Ó deixar atrás a instalación o camiño vira cara a dereita e continúa pola esquerda diante dunha pradería, a rentes dunha prantación de eucaliptos.

Chegamos a unha encrucillada na que existe unha pequena ara ó pé dun cruceiro diante da finca de As Penelas (km 1,9 / alt. 91 m). Seguimos o asfalto cara a esquerda en dirección a Sarces (á dereita o asfalto baixa cara Castrelo). Podemos visitar á Igrexa de San Mamede de Sarces, que ten planta románica e conserva inscrita nun círculo de pedra unha cruz moi desgastada do século XII.

Parémonos diante da vella fonte de Sarces. Observemos atentamente a figura que a engalana. Sigamos camiñando pola estrada que sube cara a esquerda, pegada ó cemiterio, disfrutando da encantadora paisaxe de A Torre, cara a Camposa, baixo o monte do Alto das Penas.



Fonte preto da Igrexa de San Mamede de Sarces.



Regreso polo camiño que atravesa o Monte de Serantes e de Lourido.

Esta estrada que conduce a Coéns vira cara a esquerda, rodeando unha casa que ten diante un cruceiro e volve a virar, cara a dereita, pasando preto doutra torre das vagonetas viarias da mina de Caolín. É xusto aquí onde abandoamos o asfalto (km 2,7 / alt. 154 m) para subir cara a esquerda por un camiño, que ó principio ten unha rampa ascendente.

Baixo o cume do Alto das Penas o camiño volve, a media ladeira, baixo o Campo da Mina cun valado de pedras á dereita de nós.

Acadamos o punto máis alto deste camiño na ladeira do Alto das Penas (km 3,2 / alt. 231 m). Comezamos a baixada cara Lourido en dirección a Laxe.



Tramo final da subida ó Castelo de Lourido de 312 m., coa magnífica vista de Laxe e Monte Insua.

De costas a nós quedan as antenas de O Castelo e da Torre da Moa (rota 6).

O camiño báixanos, a media ladeira, entre zonas de repoboación de piñeiro galego ou pino do país; pero tamén hai zonas amplas, sen arbolado, cubertas de toxo, onde é imposible camiñar si non hai sendeiros abertos.

Máis abaixo chegamos a un cruce no Monte de Lourido (km 4,9 / alt. 169 m) e seguimos baixando cara a esquerda ata chegar á aldea de Lourido de Arriba (km 5,2 / alt. 125 m), onde comeza o asfalto.

Aquí podemos decidir seguir baixando ata Transfontáns e rematar así o percorrido circular ou subir cara a dereita ó cumio do Castelo de Lourido.

Si decidíramos subir ó cumio máis alto do Concello de Laxe debemos seguir estas indicacións: En Lourido de Arriba e sen coller o asfalto, subir cara a dereita sen deixar o camiño principal. Cando levemente camiñados uns 200 metros, hai que subir cara a dereita no terceiro cruce, por un camiño entre valados en liña recta, deixando os cruces que xurden á dereita e á esquerda ata unha zona de eucaliptos. O camiño remata e un tramo final de senda entre os

toxos, que pode estar pouco definido, lévanos dificultosamente remontando a lomba final ata o cume do Castelo de Lourido (km. 5,9 / alt. 312 mts.). Hai un punto xeodésico dende onde se abrangue a praia de Laxe, Corme e a desembocadura do río Anllóns.

Regresamos polo mesmo camiño ata Lourido de Arriba (km 6,7 / alt. 125 m). Seguimos baixando polo asfalto e unha paisaxe abraiante nos acolle coa visión dunha cabana feita con canas de millo.

Entre castaños, carballos e algúns piñeiros centenarios chegamos finalmente a Transfontáns (km 7,6 / alt. 47 m) onde remata o percorrido.



Descanso nos labores do campo.